



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.gal

Marzo 2018

Oposicións 2018

- Avaliación da CIG-Ensino da OPE
- Principais cambios no sistema de acceso
- Información da Mesa Sectorial coas nosas propostas
- Prazas ofertadas
- Resumo da fase de oposición
- Temarios
- Campaña de recuperación de dereitos

Publicada a Orde
no DOG do 21 de marzo
Prazo de inscrición até o 13 de abril

Desmontando as cifras da “grande” oferta de emprego no ensino público

A CIG-Ensino denuncia que as cifras presentadas pola Consellaría na Mesa Sectorial están feitas a medida da propaganda do Partido Popular e poñen en risco centos de postos de traballo de persoal interino.

| | OFERTA DE PRAZAS PARA ACCESO DE A2-A1 | | | | | | | | |
|---|---------------------------------------|------------|----------------------|---------------------|-------------------|-----------|----------------------|---------------------|-------------------|
| | 2018 | 2017 | | | 2016 | | | | |
| | PRAZAS OFERTADAS | PRAZAS | PERSOAS MATRICULADAS | PERSOAS PRESENTADAS | PERSOAS APROBADAS | PRAZAS | PERSOAS MATRICULADAS | PERSOAS PRESENTADAS | PERSOAS APROBADAS |
| Lingua Castelá e Literatura | 25 | 12 | 5 | 3 | 0 | 14 | 3 | 3 | 1 |
| Xeografía e Historia | 22 | 13 | 10 | 6 | 2 | 11 | 7 | 6 | 1 |
| Matemáticas | 52 | 20 | 1 | 0 | 0 | 15 | 1 | 1 | 0 |
| Física e Química | 29 | 13 | 3 | 3 | 0 | 8 | 1 | 1 | 1 |
| Bioloxía e Xeoloxía | 21 | 9 | 2 | 2 | 0 | 9 | 3 | 3 | 0 |
| Inglés | 18 | 12 | 10 | 9 | 3 | 9 | 7 | 6 | 2 |
| Educación Física | | 5 | 12 | 11 | 3 | 4 | 11 | 11 | 3 |
| Orientación Educativa | 12 | | | | | 5 | 33 | 27 | 4 |
| Tecnoloxía | 22 | | | | | | | | |
| Lingua e Literatura Galega | 23 | 12 | 1 | 0 | 0 | | | | |
| Análise e Química Industrial | | 3 | 2 | 2 | 2 | | | | |
| Asesoría E Procesos De Imaxe Persoal | | 3 | 0 | 0 | 0 | | | | |
| Formación e Orientación Laboral | | | | | | 10 | 6 | 4 | 0 |
| Hostalería e Turismo | | 3 | 2 | 1 | 0 | 3 | 1 | 1 | 0 |
| Informática | | | | | | 4 | 6 | 4 | 2 |
| Intervención Sociocomunitaria | 6 | | | | | 4 | 15 | 9 | 0 |
| Organización E Xestión Comercial | 8 | | | | | | | | |
| Organización E Proxectos De Fabricación Mecánica | | 3 | 5 | 4 | 1 | | | | |
| Organización e Proxectos Sistemas Enerxéticos | 5 | | | | | | | | |
| Procesos de Diagnóstico Clínico e Produtos Ortoprotésicos | 5 | | | | | | | | |
| Procesos Sanitarios | 6 | | | | | | | | |
| Sistemas Electrotécnicos E Automáticos | 8 | | | | | | | | |
| Total | 262 | 108 | 53 | 41 | 11 | 96 | 94 | 76 | 14 |

A Consellaría de Educación demostrou, unha vez máis, como impón unilateralmente os criterios e as condicións das especialidades e das prazas que se ofertan para os procesos selectivos do ensino público galego. Desde a CIG-Ensino somos críticos cunha OPE que dá por bos os recortes destes últimos anos e limita calquera oferta de prazas aos actuais cadros de persoal, negando a posibilidade de irmos máis aló e recuperar o profesorado co que contabamos no comezo da crise.

Neste sentido, a CIG-Ensino quere destacar dous datos que son tremendamente relevantes á hora de valorar as cifras das próximas oposicións docentes.

Oferta descompensada no cambio de corpo

As cifras da oferta de emprego docente de 2018 inclúen 262 prazas de acceso do grupo A2 ao A1. Estas prazas, no caso de non se cubrir nesta quenda, non se acumulan ao acceso xeral, polo que desapare-

cen. Unha simple revisión da traxectoria tan só das dúas últimas convocatorias, como se pode ver na táboa anterior, ofrece datos que poñen absolutamente en cuestión a estratexia da Consellaría para poder ofrecer unha cifra elevada de prazas nas oposicións e deixan moi mal parada a propia administración.

Así, podemos observar como nas últimas oposicións de acceso de A2-A1 na especialidade de Matemáticas tan só se matriculou unha

persoa en cada convocatoria e que o ano pasado non se chegou a presentar ningúen. Aínda así, a Consellaría ofrece 52 prazas para este acceso en 2018, o que implica un incremento de case o 50% no número de prazas dos dous anos anteriores conxuntamente.

Outro tanto acontece en especialidades como Física e Química (29 prazas ofertadas cando se presentaron 3 e 1 persoas respectivamente nos últimos anos), Bioloxía e Xeoloxía (21 prazas cando se presentaron 2 e 3 persoas no 2017 e no 2016) ou Lingua e Literatura Galega con 23 prazas e 1 única persoa presentada no pasado ano.

A cuestión non é que non se oferten prazas de promoción interna, sistema de acceso defendido desde sempre pola CIG-Ensino como un dos escasos mecanismos de promoción ao longo da vida profesional dos e das docentes. A polémica estriba nas cifras ofertadas que parecen responder máis a necesidades propagandísticas da Consellaría que á propia

realidade da demanda a día de hoxe.

Unhas oposicións sen estabilidade para o persoal interino

Outros datos determinantes na valoración desta oferta de emprego son, por un lado, o efecto que pode causar no persoal interino galego e, por outro, como se fixaron os criterios para decidir cantas prazas se debían ofertar.

Na Mesa Sectorial evidenciouse que a Consellaría non está disposta a poñer sobre a mesa unha información seria e veraz sobre cales son as expectativas para os próximos anos. Así, contestou con evasivas á solicitude da CIG-Ensino de que se ofreceran datos de posíbeis xubilacións para vindeiros exercicios, partindo das idades do profesorado en activo por especialidades. Ese dato é fundamental á hora de facer unha valoración das prazas a ofertar non só no presente ano senón nos próximos. O único dato que se ofreceu na Mesa é que, aproximadamente, perto do 90% do profesorado que

se xubila faino de maneira anticipada, mais a Consellaría negouse a ser transparente nesta cuestión.

As cifras das prazas ofertadas, sumando todas as quendas (como se pode ver nas táboas anexas), dá en moitos casos un número idéntico ou moi próximo ao total de persoas que agora mesmo están con contrato de interinidade por curso completo.

Isto implica que non se tivo en conta a posíbel incidencia das oposicións no persoal interino. Se ben é certo que hai especialidades con moito profesorado cunha idade próxima á xubilación, non o é menos que os efectos, independentemente desta situación, poden ser dun auténtico ERE nalgúñas especialidades e que un número importante do persoal interino pode pasar a facer substitucións e outro directamente ao desemprego.

O sistema de listas de interinos,

| ESPECIALIDADE | INTERINIDADES CURSO 2017/18 | OPOSICIÓNS 2018 TOTAL PRAZAS POR ESPECIALIDADE | INGRESO LIBRE E PERSOAS CON DISCAPACIDADE | ACCESO A2-A1 |
|--|-----------------------------|--|---|--------------|
| Lingua Castelá e Literatura | 103 | 100 | 75 | 25 |
| Xeografía e Historia | 87 | 87 | 65 | 22 |
| Matemáticas | 207 | 205 | 153 | 52 |
| Física e Química | 101 | 117 | 88 | 29 |
| Bioloxía e Xeoloxía | 81 | 81 | 60 | 21 |
| Inglés | 83 | 68 | 50 | 18 |
| Orientación Educativa | 46 | 47 | 35 | 12 |
| Tecnoloxía | 105 | 87 | 65 | 22 |
| Lingua e Literatura Galega | 86 | 98 | 75 | 23 |
| Intervención Sociocomunitaria | 30 | 26 | 20 | 6 |
| Organización E Xestión Comercial | 34 | 33 | 25 | 8 |
| Organización e Proxectos Sistemas Enerxéticos | 22 | 20 | 15 | 5 |
| Procesos de Diagnóstico Clínico e Productos Ortoprotésicos | 19 | 20 | 15 | 5 |
| Procesos Sanitarios | 27 | 28 | 22 | 6 |
| Sistemas Electrotécnicos E Automáticos | 38 | 33 | 25 | 8 |
| | 1069 | 1050 | 788 | 262 |

carente de estabilidade, implica que se mantén o posto na lista unha vez que se traballa nunha determinada especialidade. Mais en ningún caso se garante esa estabilidade, nin sequera tendo en conta a idade ou os anos traballados. Así aconteceu en determinadas listas de secundaria logo das ofertas de emprego de hai unha década, nas que moitas compañeiras e compañeiros tardaron anos en volver conseguir un contrato de interinidade e outros moitos mesmo en volver traballar.

Nun momento no que a principal preocupación dos diferentes gobernos semella ser quitarse de enriba un problema que eles mesmo causaron, o incremento de persoal interino por mor das taxas de reposición e da conxelación de oposicións en moitas especialidades, a CIG-EnsinO considera que hai que ver máis alá das cifras e reparar nas persoas. Moitas delas ademais colaboraron en precario a soste o sistema educativo nos últimos anos. Mais a raíz da incerteza causada po-

las últimas sentenzas europeas, co recoñecemento do dereito a indemnización de 20 días por ano tras o cese aínda sen aclarar, todo indica que os gobernos, tanto en Madrid como no país, decidiron que a mellor vía é quitarse de en medio o persoal interino que agora lles molesta.

Todo indica que os gobernos, tanto de Madrid como de Galiza, decidiron que a mellor vía é quitarse de en medio o persoal interino despois de crearen eles mesmos esta problemática

| ESPECIALIDADE | INTERINIDADES CURSO 2017/18 | OPOSICIÓNS 2018 TOTAL PRAZAS POR ESPECIALIDADE |
|---|-----------------------------|--|
| Estética | 26 | 20 |
| Instalación e Mantemento de Equipamentos Térmicos e Flúid | 26 | 20 |
| Operacións de produción agraria | 22 | 18 |
| Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico | 18 | 16 |
| Procedementos Sanitarios e Asistenciais | 44 | 40 |
| Procesos comerciais | 34 | 24 |
| Servicios de restauración | 31 | 22 |
| | 201 | 160 |

| ESPECIALIDADE | INTERINIDADES CURSO 2017/18 | OPOSICIÓNS 2018 TOTAL PRAZAS POR ESPECIALIDADE |
|---------------------------------------|-----------------------------|--|
| Educación Infantil | 163 | 110 |
| Idioma Estranxeiro: Inglés | 79 | 50 |
| Idioma Estranxeiro: Francés | 65 | 50 |
| Educación Física | 85 | 55 |
| Música | 69 | 35 |
| Pedagogía Terapéutica (inclúe 60-ESO) | 147 | 75 |
| Audición e Linguaxe (inclúe 61-ESO) | 167 | 90 |
| Primaria | 317 | 240 |
| Orientación | 121 | |
| | 1.213 | 705 |

É o momento do acceso diferenciado

Desde a CIG-EnsinO consideramos que a situación actual resolveríase cun proceso de acceso diferenciado á función pública docente. Por un lado, temos as prazas que nestes momentos están ocupadas por persoal interino e,

por outro, as xubilacións que cada ano se producen. A maiores, habería que sumar as 3.000 prazas que se perderon nos últimos oito anos debido á conxelación da taxa de reposición e á amortización de xubilacións.

En calquera caso, a posibilidade de

recuperación destas prazas non existe porque o Acordo de mantemento do emprego asinado pola Xunta e polas organización sindicais Comisións Obreiras, UXT, CSIF e ANPE, tal e como se pode comprobar no seu texto literal, impide o aumento do cadro de persoal docente actual dando por bo este recorte.



Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se atopen desempeñadas por persoal interino ou eventual estatutario na mesma situación nos termos do Estatuto Marco do Persoal Estatutario dos Servizos de Saúde.

Fragmento do acordo entre CC.OO., CSIF, UGT e ANPE coa Xunta

Principais modificacións no sistema de acceso

| CAMBIOS NO BAREMO | |
|-----------------------------------|---|
| Puntuación máxima do concurso | 10 puntos |
| Experiencia docente (máx. 7 ptos) | Por cada ano de experiencia en especialidades do corpo ao que se opta en centros públicos 0,700 puntos |
| | Por cada ano de experiencia en especialidades de diferentes corpos ao que se opta en centros públicos 0,350 puntos |
| | Por cada ano de experiencia en especialidades do mesmo nivel educativo noutros centros 0,150 puntos |
| | Por cada ano de experiencia en especialidades de diferentes niveis educativos noutros centros 0,100 puntos |
| Formación académica | 5 puntos |
| Outros méritos | 2 puntos |

| ELECCIÓN DE TEMAS NA PROBA TEÓRICA | |
|--|----------------------------|
| Especialidades con 25 temas ou menos | Elección entre tres temas |
| Especialidades con entre 26 e 50 temas | Elección entre catro temas |
| Especialidades con máis de 50 temas | Elección entre cinco temas |

| PONDERACIÓN CONCURSO-OPOSICIÓN | |
|--------------------------------|-----|
| Fase de oposición | 60% |
| Fase de concurso | 40% |

Información da Mesa Sectorial do 6 de febreiro de 2018

As oposicións de 2018: prepotencia, insuficiencia, precariedade e inestabilidade

Na Mesa Sectorial celebrada o 6 de febreiro de 2018 a central sindical recriminou a Educación que, unha vez máis, non negociara nin as especialidades nin o número de prazas da OPE “actuando coa soberbia habitual” e mesmo desprezando os acordos asinados cos sindicatos estatais, “que lle deron un cheque en branco para non convocar nin unha soa praza a maiores das existentes actualmente”. A CIG-Ensino censura ademais que se anuncie a distribución das 2.050 prazas sen pór en común as xubilacións actuais e futuras nin avaliar os efectos que terá este reparto no persoal interino de cada especialidade.



As formas e o fondo: da ausencia de negociación a unha oferta decepcionante

Unha oferta de emprego público ten que ser avaliada en función de diferentes parámetros. A actual oferta presentada pola Consellaría **non pode contar co apoio da CIG-Ensino porque non cumpre coas expectativas que se esperan dela, tanto desde a perspectiva do servizo público como desde as demandas do persoal docente.**

Outubro de 2017. Pouco días despois de asinar un acordo cos sindicatos de costume e prescindindo mesmo do acordado, o conselleiro de

Educación anuncia en que especialidades haberá oposicións sen previa consulta nin negociación.

Xaneiro de 2018. Feijóo, novamente sen encomendarse a ninguén, nin sequer ao socorrido apoio sindical de rigor, dá a cifra total de prazas, afirmando que pode sufrir algún lixeiro cambio.

Febreiro de 2018. A Consellaría entrega na Mesa unha distribución das prazas por especialidades, cumprindo escrupulosamente cos previ-

sións, cun lixeiro incremento sobre a cifra inicial para darlle un verniz de suposta negociación.

Mais o certo é que non houbo posta en común sobre as xubilacións actuais e futuras por especialidades nin se valorou previamente o efecto do número de persoal interino en cada especialidade, como se pode apreciar na oferta presentada. Así entende o PP a Consellaría de Educación: como unha finca privada na que ademais atopa quen lle siga o xogo sen máis. Coa prepotencia non se xoga nin se debería pactar.

Non dá resposta ás necesidades do sistema educativo

A oferta deste ano non achega unha solución aos problemas do sistema educativo galego porque parte do principio da negación: négase a posibilidade de incrementar o profesorado dos actuais cadros de persoal. **Así figura expresamente no acordo coa Xunta de Galiza que a CIG non asinou e que contou co apoio das demais OO.SS.** Non se pode garantir unha mellora do ensino público sen unha aposta importante por aumentar o profesorado e isto non será posíbel nin nesta convocatoria nin nas seguintes se seguen vixentes as ataduras impostas polo actual acordo. É preciso **anular definitivamente a taxa de reposición e negociar un incremento de cadros de persoal.** **Non permite eliminar nin reducir a precariedade**

Non poderemos eliminar ou, cando menos, reducir as itinerancias, a impartición de afíns disparatadas, as carencias na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e outras eivas denunciadas polo profesorado galego se non incrementamos persoal e non dispomos de máis tempo para atendelo. Non será posíbel reducir o horario lectivo do profesorado, recuperando os 18 períodos en secundaria e os 21 en infantil e primaria coas actuais cifras de persoal docente. A simple substitución de persoal interino por persoal fixo, sen incremento global de profesorado, non permite acometer esas melloras nas nosas condicións de traballo.

Incide na inestabilidade

Unha oferta de emprego non se pode medir só polo número de prazas ofertadas e iso foi o que se evidenciou na Mesa Sectorial or parte da Consellaría e de quen aplaudiu e cualificou como histórica esa oferta. Non facer

unha valoración tomando como referencia o marco global (persoal interino, sistema de acceso ou a garantía dun proceso selectivo que sexa realmente un concurso-oposición) é caer no erro que tanto criticamos dos nosos gobernantes; que miran o ensino público e o seu persoal coa friaxe do contábel que só pensa na conta de resultados. O primeiro son as persoas. Segundo os datos proporcionados na propia Mesa pola Consellaría **hai 3.911 docentes con contrato de interinidade**, unha cifra á que hai que engadir os miles de docentes con contratos de substitución.

Ofertar un número elevado de prazanas oposicións debe ser o obxectivo para afianzar os postos de traballo, pero esta oferta debe vir acompañada dun estudo rigoroso do persoal interino por especialidades e, por suposto, dun **acordo de estabilidade que non deixe tirado un número importante de compañeiras e compañeiros**, especialmente quen leva moitos anos de docencia ás costas e aquelas persoas maiores de 55 anos. **Garantir a estabilidade do persoal interino**

Pechada unha vez máis a porta da dobre vía ou de acceso diferenciado na negociación en Madrid, e cunha oferta unilateral forzada pola Consellaría, non existe ningunha garantía para o persoal interino. Competir entre iguais e coas mesmas condicións é o sistema máis xusto e poñer como escusa permanente a actual xurisprudencia non convence xa a ninguén. As prazanas ofertadas poden implicar, se se mantén o acontecido nestes últimos anos, **o despedimento de moitas e moitos compañeiros**, algúns de avanzada idade e cunha longa experiencia laboral. Pasar de interinidades a substitucións e destas ao desemprego pode ser, de novo, a consecuencia destes procesos. Des-

de a CIG-EnsinO entendemos que só poderemos evitar esa situación se se actúa con valentía por parte da Consellaría e dos sindicatos que apoian estes procesos. Para iso **o acordo de persoal interino debe dar o paso fundamental que lle falta: converterse nun acordo de estabilidade**, garantindo o rescate daquelas persoas que poden perder o seu posto de traballo.

Os cambios no Real Decreto, impostos unilateralmente polo MECD e aceptados obedientemente pola Consellaría de Educación, manteñen o carácter eliminatorio das dúas probas da oposición e introducen cambios na ponderación das fases de concurso e de oposición que non implican absolutamente ningunha mellora se non se garante un verdadeiro concurso-oposición.

Por outro lado, introdúcense cambios no baremo que non parten da realidade coa que contamos en Galiza, provocando que unha parte moi numerosa do persoal interino ou substituto perda puntuación, ao reducir de 1 punto por ano a 0,7 o tempo traballado na Consellaría. Co cambio todo o profesorado interino con até 7 anos de servizo perderá puntuación ao respecto do baremo anterior.

Tribunais

Habería que reducir o número de aspirantes por tribunal e que este non teña que responsabilizarse do baremo da fase de concurso, tarefa que debería estar asignada a unha comisión técnica. Deste xeito, o tribunal podería centrarse na avaliación da oposición e non verse condicionado de forma indirecta a limitar o número de persoas que superan a primeira proba para poder así cumprir os prazos. Ao tempo é preciso volver ao sistema de anonimato na 1ª proba, con etiquetaxe como identificación e sen lectura das partes da proba.

As cifras

Segundo a información proporcionada pola Consellaría os datos da taxa de reposición son os seguintes: **1.028 xubilacións, 28 falecementos e 16 excedencias con perda de praza.** Un total de **1.072 prazas** ás que se lle engaden **581 por riba da taxa de reposición e 397 prazas de promoción interna.**

É un insulto á intelixencia que se dea por boa a existencia da taxa de reposición como se levase existindo toda a vida e vender calquera incremento sobre as xubilacións como se fose algo extraordinario. Que nese xogo entre quen goberna entra dentro da lóxica. Que o fagan organizacións sindicais é lamentábel. A taxa de reposición implantouna o goberno do

PSOE no 2010, mantívoa e agravouna o PP e agora levántaselle o veto transitoria e parcialmente, en vez de eliminala de xeito definitivo. E mentres se pacta ese acordo, temos que escoitar na Mesa Sectorial que tanto a Consellaría como os sindicatos do pacto din estar en contra da taxa de reposición: esa taxa que aparece no acordo que asinaron.

Un verdadeiro concurso-oposición

Desde a CIG-EnsinO reclamamos que é preciso garantir que o sistema selectivo sexa realmente un concurso-oposición e non un proceso no que só aproba a fase de oposición un número igual ou lixeiramente superior ás prazas ofertadas, como vén acontecendo nos últimos anos en boa parte das especialidades. Deste xeito, a fase de concurso só serve para ordenar por nota as persoas previamente aprobadas.

Segundo un estudo realizado polo sindicato, en 2017 no corpo de Primaria pasaron á fase de concurso 830 persoas, para un total de 400 prazas. É dicir algo máis do dobre.

Porén, en Secundaria practicamente foi igual o número de prazas adxudicadas que o de persoas aprobadas. Como se pode ver na seguinte táboa, **tan só houbo 39 persoas que aprobaron sen obter praza.**

En todo o conxunto de especialidades, nas quendas de acceso libre e de persoas con discapacidade, **chegaron á fase de concurso un total de 523 opositores/as para un total de 484 prazas** finalmente adxudicadas. É dicir **tan só un 8% das persoas que se presentaron á oposición accederon á fase de concurso.** En **Primaria**, malia que cuantitativamente foron máis, en termos porcen-

| Datos oposicións 2017 | Primaria | Secundaria (L e D) |
|--|----------|--------------------|
| Persoas presentadas | 6210 | 6487 |
| Prazas convocadas | 400 | 512 |
| Prazas adxudicadas | 399 | 484 |
| Diferenza | -1 | -28 |
| Opositores/as que chegaron á fase de concurso | 830 | 523 |
| Persoas que aprobaron pero non obtiveron praza | 431 | 39 |
| % de persoas que accederon ao concurso sobre o total de todas as presentadas | 13,37% | 8,06% |
| % de persoas que accederon ao concurso sobre o total de aprobadas na oposición | 208,02% | 108,06% |
| % de persoas aprobadas sen praza sobre total de aprobadas na oposición | 108,02% | 8,06% |

tuais tamén é unha cantidade moi baixa, **con só o 13% dos aspirantes totais que se presentaron ás probas.** Así pois, estas cifras demostran o que desde a CIG-EnsinO vimos reclamando reiteradamente: que os tribunais teñen que traballar con todas as garantías e a liberdade posíbel para avaliar os e as aspirantes sen ningún tipo de presión temporal. Para iso incidimos en que sexa unha comisión técnica a que realice a barema-

ción dos méritos e en que se nomeen máis tribunais por especialidade co obxectivo de que se revirta esta tendencia que é propia dos últimos anos. Cómpre lembrar que durante o sistema transitorio, no que ningunha proba era eliminatoria, todos os opositores e opositoras chegaban á fase de concurso (aínda que para aprobar había que acadar un 5 na oposición, polo que non estamos pedindo algo que sexa novidoso nin extraordinario.

DESGLOSE TOTAL DE PRAZAS NA OPE DE 2018
Corpo de profesorado de ensino secundario

| Código/especialidade | Reserva persoas con discapacidade | Libre | Total | Acceso A2 -A1 | | |
|----------------------|---|-------|-------------|-----------------------------------|-------|------------|
| | | | | Reserva persoas con discapacidade | Libre | Total |
| 004 | Lingua Castelá e Literatura | | 100 | | | 25 |
| 005 | Xeografía e Historia | | 87 | | | 22 |
| 006 | Matemáticas | | 205 | | | 52 |
| 007 | Física e Química | | 117 | | | 29 |
| 008 | Bioloxía e Xeoloxía | | 81 | | | 21 |
| 011 | Inglés | | 68 | | | 18 |
| 017 | Orientación Educativa | | 47 | | | 12 |
| 019 | Tecnoloxía | | 87 | | | 22 |
| 053 | Lingua Galega e Literatura | | 98 | | | 23 |
| 108 | Intervención Sociocomunitaria | | 26 | | | 6 |
| 110 | Organización e xestión comercial | | 33 | | | 8 |
| 113 | Organización e Proxectos Sistemas Enerxéticos | | 20 | | | 5 |
| 117 | Procesos de diagnóstico clínico e produtos ortoprotésicos | | 20 | | | 5 |
| 118 | Procesos sanitarios | | 28 | | | 6 |
| 125 | Sistemas electrotécnicos e automáticos | | 33 | | | 8 |
| TOTAL | | | 1050 | | | 262 |

Corpo de profesores técnicos de formación profesional

| Código/especialidade | Reserva persoas con discapacidade | Libre | Total |
|----------------------|--|-------|------------|
| 203 | Estética | | 20 |
| 205 | Instalación e mantemento de equipamentos térmicos | | 20 |
| 216 | Operacións de produción agraria | | 18 |
| 219 | Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico | | 16 |
| 220 | Procedementos sanitarios e asistenciais | | 40 |
| 221 | Procesos comerciais | | 24 |
| 226 | Servixios de restauración | | 22 |
| TOTAL | | | 160 |

| Acceso A1-A1 |
|---------------------------------|
| Corpo profesores das EOI |
| Inglés: 30 prazas |

| Corpo de catedráticos de música |
|---------------------------------|
| Total: 105 prazas |

Corpo de mestres/as

| Código/especialidade | Reserva persoas con discapacidade | Libre | Total |
|----------------------|-----------------------------------|-------|------------|
| 031 | Educación Infantil | | 110 |
| 032 | Lingua Estranxeira: Inglés | | 50 |
| 033 | Lingua Estranxeira: Francés | | 50 |
| 034 | Educación Física | | 55 |
| 035 | Música | | 35 |
| 036 | Pedagogía Terapéutica | | 75 |
| 037 | Audición e Linguaxe | | 90 |
| 038 | Educación Primaria | | 240 |
| TOTAL | | | 705 |

Propostas da CIG-Ensino sobre o proceso selectivo

| Tema | Proposta da CIG-Ensino | Resposta da Consellaría |
|--|---|---|
| Número de aspirantes por tribunal. | Hai que reducir o número de aspirantes por tribunal, para garantir que haxa tempo abondo para examinar a todas as persoas que poden superar as diferentes partes das probas da oposición. A cifra debe aparecer na convocatoria. O número estaría en función das competencias que se lle asignen aos tribunais e ao propio desenvolvemento das probas. Un tribunal que non teña que baremar nin escoitar a lectura dos exames. | Non aceptan baixar. Afirmar que o número actual é razoábel. Escúdanse na soberanía dos tribunais. Van recordarlle aos tribunais que é concurso-oposición. |
| Tribunais específicos para A2-A1, discapacidade e cambio de especialidade Páxina 19. Base 7.2 | A convocatoria recolle a posibilidade de que haxa tribunais específicos para as prazas reservadas para as persoas con discapacidade, acceso e o procedemento de adquisición doutras especialidades. Para descargar de traballo aos tribunais da convocatoria de ingreso libre a Consellaría debe ser aberta á hora de crear estes tribunais. | Afirmar que terán receptividade á hora de fixar eses tribunais mais que todo estará en función de número de aspirantes. |
| Anonimato | Solicitamos un cambio radical no desenvolvemento das probas, garantindo o anonimato por completo nas dúas partes da 1ª proba (práctico e temas). O sistema de sobres con etiquetado, como xa foi usado en convocatorias anteriores, garante ese anonimato. | Non o aceptan, non o ven necesario. |
| Baremación de méritos. Páxina 29. Base 8.3.2. | A baremación dos méritos debe ser feita por unha comisión técnica, liberando desa carga burocrática ao tribunal. A documentación dos méritos debe facerse inicialmente e para todos os opositores. Non se debe facer pública até que remate a fase de oposición. | Non aceptan. |
| Cobertura de todas as prazas ofertadas | Hai que garantir que se cubran todas as prazas ofertadas. Se os tribunais contan con tempo suficiente debe erradicarse o comportamento habitual de poñer notas de corte para reducir o número de aprobados na 1ª parte da 1ª proba e desta no seu conxunto. | Volven insistir na soberanía dos tribunais e incluso de cada membro do tribunal (algo que en ningún momento puxemos en cuestión). Concordan en que é concurso-oposición mais non se moven desa declaración de intencións. |
| Elección das presidencia dos tribunais a sorteo Páxina 20. Base 7.3. e 7.10. | Todos os membros dos tribunais deben ser elixidos a sorteo, evitando o nomeamento directo das presidencia. A inspección non debe formar parte dos tribunais que non son do seu corpo. | Non o van aceptar. Queren seguir nomeando as presidencia dos tribunais. |
| Criterios de avaliación. Páxinas 22 e 23, Base 7.10. (funcións dos tribunais) | Os criterios de avaliación deben ser claros, públicos e idénticos para todos o tribunais da mesma especialidade. A publicidade e condicións destes criterios deben vir fixadas na convocatoria para que non quede da man de cada tribunal. | Indican que darán instrucións aos tribunais. |
| Realización das partes da 1ª proba Primaria: páxina 34. Base 13.2. Secundaria: páxina 30. Base 12.2. | O texto debe ser igual para todos os corpos. Ou se indica que a proba se deberá facer no mesmo día ou que se poderá facer. En todo caso, as persoas opositoras queren coñecer con suficiente antelación cando van facer as probas. Debe ser unha das primeiras decisións que tome e comuniquen os tribunais. Todos os tribunais da mesma especialidade deben adoptar a mesma decisión. | Non o van cambiar. Porén, aceptan que os tribunais avisen coa suficiente antelación. |
| Notas de cada unha das partes das probas. Base 12ª | As notas de cada unha das partes das probas deben ser públicas no propio día da corrección ou defensa da proba. | Non o aceptan. |
| Matriculación de persoas paradas. | Solicitamos que sexa gratuíta. | Non o aceptan xa que as taxas están fixadas na Lei de Orzamentos. |

| Tema | Proposta da CIG-Ensino | Resposta da Consellaría |
|--|---|--|
| <p>Probas prácticas Páxinas 30 e seguintes. Base 12ª. Páxina 76 e seguintes. Anexo V</p> | <p>Consideramos que as probas deberían ser as mesmas en todos os tribunais da mesma especialidade.</p> <p>Hai un desfase importante nas indicacións que aparecen para as diferentes especialidades. Mesmo aparecen claramente textos copiados doutras convocatorias de fóra. Preferimos que sexan o máis concretas posibles pero ben axustadas á realidade do que se imparte nos nosos centros.</p> <p>Non debe haber ningún práctico fóra do recollido nos temarios. Por exemplo, non pode haber obras de arte de épocas que non están nos temarios ou contidos vinculados a PTFP que figuren para unha especialidade de PES (prácticas de marketing, materia vinculada a PTFP que aparece na proba práctica de Organización e Xestión Comercial).</p> <p>En todas debe figurar o tempo máximo.</p> <p>A utilización de material auxiliar ten que ser o máis concreta posible para evitar agravios comparativos. A redacción é ambigua: poderase utilizar material “sempre que o autorice o tribunal”. Esa autorización debe preceder o inicio das probas e publicarse na web con suficiente antelación.</p> <p>En Lingua Galega non aparece nin se especifica se se farán “todos ou só algún dos exercicios” como noutras especialidades.</p> <p>En Procesos Comerciais non está claro o que se quere dicir con aplicacións informáticas. Se son aplicacións concretas e se ten claro o que se quere debe figurar xa na convocatoria ou coñecerse con moita antelación.</p> | <p>Non aceptan que se fixen as mesmas probas para os diferentes tribunais da mesma especialidade. Será cada tribunal quen decida.</p> <p>Aceptarán propostas sobre as probas prácticas.</p> <p>Non van pór o tempo máximo das probas pola diferenza entre as especialidades.</p> <p>Insistirán aos tribunais sobre o material que se pode usar, que o publiquen canto antes.</p> <p>Mirarán o do práctico de lingua galega.</p> <p>Non aclaran nada sobre Procesos Comerciais.</p> |
| <p>Reclamacións.</p> <p>Funcións dos tribunais, páxinas 22 e 23. Base 7.10.</p> <p>Puntuación provisional da fase de concurso e prazo de reclamacións. Base 11.3.2</p> | <p>Hai que aumentar as garantías das persoas opositoras. No caso de reclamacións, debe existir sempre resposta. Non abonda con escudarse nos recursos de alzada perante a Dirección Xeral. Se mesmo en probas como a ABAU existen mecanismos de corrección, o normal sería posibilitar esa mesma transparencia e garantías nunhas oposicións. Todo pasa evidentemente por unha redución considerábel da ratio de opositoras e da redución da carga burocrática.</p> | <p>Van actuar como en anos pasados. Afirman que a única garantía xurídica está no recurso de alzada perante a Consellaría ao dar este recurso publicidade ao resto de aspirantes.</p> |
| <p>Competencia en lingua galega</p> | <p>Solicitamos a realización dunha proba en galego, co obxectivo de demostrar a aptitude e a competencia para impartir docencia na nosa lingua.</p> | <p>Non o aceptan. Non amosan a máis mínima preocupación nin empatía pola defensa da nosa lingua.</p> |
| <p>Temarios</p> | <p>Demandamos da Consellaría que tome parte no debate actual sobre os futuros temarios e aposte por non cambialos antes do remate do período actual, dada a incerteza creada polos propios responsábeis da Consellaría e o MECD.</p> | <p>Non comentan nada.</p> |

Cuestións a ter en conta no borrador da Orde

- **Todos os trámites na inscrición das oposicións serán por vía electrónica, mesmo a presentación de documentación complementaria.**
- **A asignación de aspirantes por tribunal e os chamamentos para as sucesivas probas iniciaranse polo aspirante cuxo primeiro apelido empece pola letra G.**
- **As persoas con discapacidade intervirán entre as de adquisición de nova especialidade e os restantes aspirantes.**
- **Todos os prazos fixaranse en días hábiles aínda que non se especifique no texto (non contan sábados nin domingos).**
- **As persoas que pertencen á listaxe de interinidades ou substitucións de Administración de Empresas e queiran incorporarse á de Organización e Xestión Comercial terán que presentarse a calquera das especialidades convocadas.**
- **En xeral para manter o posto consolidado nas listas das especialidades que se convocan é preciso presentarse ao proceso selectivo e realizar obrigatoriamente as dúas partes da primeira proba e proceder á súa lectura.**

Outras propostas sobre a convocatoria e o baremo

| Tema | Proposta da CIG-Ensino | Resposta da Consellaría |
|--|---|---|
| Incompatibilidades. Páxina 11. Base 2.6.1 Páxina 12. Base 3.1. | As persoas que opositan por libre poden matricularse de máis dun corpo e dentro de cada corpo en varias especialidades. É obvio que só poderán concorrer a unha mais teñen o dereito de facelo. Para as persoas con discapacidade é incompatíbel matricularse por esa quenda en varias especialidades. Entendemos que é unha discriminación. Todas as quendas deben ter os mesmos dereitos. | Estudaranos |
| Citación das aspirantes Páxina 26. Base 10.3 | Recóllese que será como mínimo con 24 horas de antelación. Propoñemos que o mínimo sexa 48 horas. | Non o aceptan. |
| Ponderación de diferentes probas. | Propoñemos a modificación da ponderación das diferentes partes das probas. - Ponderación proba práctica-temas: propomos pasar do 60/40 do borrador ao 50/50. - Solicitamos fixar a ponderación entre a programación e a unidade didáctica e non deixalo como está nas mans dos tribunais. Hai que ter en conta que o ano pasado houbo tribunais da mesma especialidade con distinta ponderación. Tamén hai que ter presente que a Consellaría, á hora de ordenar as listaxes para substitucións fai unha ponderación de 50/50, homoxeneizando as diferentes ponderacións dos tribunais. | |
| Petición de destino provisional | Antes eran tres días e agora son dous hábiles. Se os días coinciden no medio da semana é un prazo demasiado curto. Sempre propuxemos incrementar a 5 días naturais. Desde logo, o mínimo non pode baixar de 3 días hábiles. | Estudarán se aceptan os 3 días. |
| Puntuación EOI-PES | Defendemos que se puntuén como servizos prestados no corpo do que sexa a listaxe de pertenza. Así, o profesorado de inglés, francés ou galego (PES) que impartiu docencia en EOI debe ter puntuación como PES, xa que pertence a esa lista e mesmo nas substitucións ten obriga de coller esas vacantes. | Non o aceptan. Respetarán exclusivamente o corpo no que se imparte, non a listaxe de procedencia. |
| Titulación de técnico superior | Debe puntuarse tamén a titulación antiga de técnico especialista. | Non é baremábel. Esta titulación só é válida para o ingreso, xa que así se recolle no RD mais non figura así para o baremo. |
| Puntuación por traballar nas Escolas Infantís 0-3 | Parécenos oportuno que se recolla expresamente xa que se viña facendo mais debe substituírse "garderías" por escolas infantís. | Aceptado |
| Anexo III. Cambio de A1-A1 e A1-A2 | No apartado 1.1 figura indistintamente que non se computan os 6 anos tanto para o paso de A2-A1 (correcto) como A1-A1 (incorrecto, xa que non se require antigüidade). Solicitamos corrección. | Vano corrixir para que quede claro que no acceso de A1-A1 non se precisa antigüidade. |
| Anexo III. Cambio de A1-A1 e de A2-A1 | Non estamos de acordo coa puntuación do traballo como xefe de servizo ou cargo similar na administración nin coa puntuación na inspección. A puntuación da dirección non debe ser superior á valoración do resto das funcións docentes (titoría, departamento) | Non o aceptan. |
| Puntuación dos servizos prestados por vacacións non gozadas | Esta puntuación debería estar xa computada para o actual Concurso de Traslados (existía o compromiso da Consellaría de telo feito en novembro). Non se pode demorar máis e hai que garantir que estea para as oposicións. | Afirman que prevén que estean computados para as oposicións. |

Resumo da fase de oposición

Profesorado de ensino secundario e técnicos de formación profesional

- O persoal aspirante á especialidade de inglés deberá desenvolver as probas neste idioma
- O acto de presentación está previsto para o sábado, 23 de xuño, segundo se extrae do borrador da convocatoria.
- As dúas partes que integran a primeira proba poderán realizarse no mesmo día.
- As dúas partes que integran a segunda proba realizaranse nunha mesma sesión.

PRIMEIRA PROBA: Proba de coñecementos específicos, científicos e técnicos da especialidade docente

Consta de dúas partes que se valorarán conxuntamente

Parte A: Proba práctica. Realización dunha serie de exercicios por escrito que se axustará, para cada especialidade, ao disposto no anexo V da orde. Tempo establecido polos tribunais

Parte B: Desenvolvemento de 1 tema elixido polo aspirantes de entre **5 temas** extraídos ao chou. Tempo de duración: 2 horas

Procederase a súa lectura conxunta e a cualificación de cada parte realizarase por separado.

A primeira parte e a segunda parte da proba cualificaranse de 0 a 10 puntos, ponderándose do seguinte xeito:

Parte A: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

Parte B: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.

Cualificación da 1ª PROBA: O persoal aspirante deberá obter unha puntuación de polo menos o 25 por 100 do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos. Ten carácter eliminatorio.

SEGUNDA PROBA: Proba de aptitude pedagóxica e de dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente

Parte A: Presentación e defensa dunha programación didáctica.

A programación deberá entregarse ao tribunal polo persoal aspirante que supere a primeira proba no centro no que están actuando, no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións da primeira proba.

A programación didáctica fará referencia ao currículo dunha materia ou módulo relacionado coa especialidade pola que se participa, na cal deberán especificarse os obxectivos, as competencias, os contidos, a metodoloxía didáctica, os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, os criterios de avaliación, así como a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta programación corresponderase cun curso escolar dun dos niveis ou etapas educativas en que o profesorado da especialidade teña atribuída competencia docente para impartilo, elixido pola persoa candidata, e deberá organizarse en unidades didácticas de tal maneira que cada unha delas se poida desenvolver completamente no tempo asignado para a súa exposición; en

calquera caso, unha programación para un curso escolar deberá conter, como mínimo, 15 unidades didácticas que deberán estar enumeradas, e terá, sen incluír anexos, unha extensión máxima de 60 folios, formato DIN-A4, escritos a unha soa cara e dobre espazo interlineal, con letra tipo arial, sen comprimir, tamaño de 12 puntos. Na extensión máxima de 60 folios non se computará a portada nin a contraportada. Si se computará o índice. No caso das especialidades propias da FP, a programación axustarase ao modelo establecido no anexo XIII da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, e deberá conter un mínimo de 4 unidades didácticas. As programacións versarán sobre os currículos publicados no DOG no momento da publicación desta orde ou, de ser o caso, os aplicables na comunidade autónoma.

Parte B: Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal. Poderá estar relacionada coa programación presentada polo aspirante ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade. Nos dous casos elixirase unha de tres escollidas ao chou.

Na elaboración da unidade didáctica deberán concretarse os obxectivos de aprendizaxe que perseguen con ela, os seus contidos, as actividades de ensino e aprendizaxe que se van a formular na aula e os seus procedementos de avaliación. O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia a utilizar non poderá ser susceptible de dita conexión (ordenadores portátiles, móbiles, etc.)

O persoal aspirante disporá de 1 hora como máximo para a defensa da programación (20 minutos máximo), exposición da unidade didáctica (30 minutos máximo) e debate ante o tribunal (10 minutos). Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno e que deberá aportar el mesmo, sempre que sexa aprobado polo tribunal, así como un guión que non excederá dun folio e que se entregará ao tribunal ao final da mesma. No caso de **Orientación Educativa**, esta segunda proba é diferente. Consultar a Orde da convocatoria.

Cualificación da 2ª PROBA: Valorarase globalmente de cero a dez puntos, debendo alcanzar o persoal aspirante, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Os tribunais establecerán a ponderación de cada unha das partes desta proba.

Cualificación da fase de oposición: Será a media aritmética das puntuacións obtidas nas dúas probas que integran a mesma cando ambas fosen superadas.

Acceso á fase de concurso: A cualificación final da fase de oposición exprésarase en números de cero a dez, sendo necesario obter, polo menos, cinco puntos para poder acceder á fase de concurso.

Resumo da fase de oposición

Corpo de mestres

- O persoal aspirante ás especialidades de Inglés e de Francés deberá desenvolver as probas neste idioma.
- As dúas partes que integran a primeira proba deberán realizarse no mesmo día.
- As dúas partes que integran a segunda proba realizaranse nunha mesma sesión.

PRIMEIRA PROBA: Proba de coñecementos específicos

Consta de dúas partes que se valorarán conxuntamente

Parte A: Proba práctica. Realización dunha serie de exercicios por escrito que se axustará, para cada especialidade, ao disposto no anexo V da orde e que permitirá comprobar que o persoal aspirante posúe a formación científica e o dominio das habilidades técnicas correspondentes á especialidade á que se opte. O tempo establecido para o desenvolvemento será fixado polos tribunais.

Parte B: Desenvolvemento de 1 tema elixido polo aspirantes de entre **3 temas** extraídos ao chou. Disporase de 2 horas para a realización desta proba.

No suposto de que a primeira parte da proba se realice por escrito procederase a súa lectura conxunta coa segunda e a cualificación de cada parte realizarase por separado.

A primeira parte e a segunda parte da proba **cualificaranse de 0 a 10 puntos**, ponderándose do seguinte xeito:

Parte A: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

Parte B: A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0.4 a cualificación obtida.

Cualificación da 1ª PROBA: O persoal aspirante deberá obter unha puntuación de polo menos o 25 por 100 do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos. Ten carácter eliminatorio.

SEGUNDA PROBA nas especialidades de Educación Infantil, Inglés, Francés, Música, Educación Física e Educación Primaria: Proba de aptitude pedagóxica.

A proba comporase de dúas partes

Parte A: Presentación e defensa dunha programación didáctica.

A programación deberá entregarse ao tribunal polo persoal aspirante que supere a primeira proba no centro no que están actuando, no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións da primeira proba.

A **programación didáctica** fará referencia ao currículo dunha área relacionada coa especialidade pola que se participa, na cal deberán especificarse, no caso da educación infantil, os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía, así como a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e nas restantes especialidades os obxectivos, as competencias, os contidos, a metodoloxía didáctica,

os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis, os criterios de avaliación, así como a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Esta programación corresponderase cun curso escolar da etapa educativa en que o profesorado da especialidade teña atribuída competencia docente para impartilo, elixido pola persoa candidata, e deberá organizarse en unidades didácticas de tal maneira que cada unha delas se poida desenvolver completamente no tempo asignado para a súa exposición; en calquera caso, unha programación para un curso escolar deberá conter, como mínimo, 15 unidades didácticas que deberán estar enumeradas, e terá, sen incluír anexos, unha extensión máxima de 60 folios, formato DIN-A4, escritos a unha soa cara e dobre espazo interlineal, con letra tipo arial, sen comprimir, tamaño de 12 puntos.

Na extensión máxima de 60 folios non se computará a portada nin a contraportada. Si se computará o índice.

Resultarán excluídos do procedemento selectivo aqueles aspirantes cuxa programación non se axuste ao establecido nos parágrafos anteriores. En ningún caso poderá excluírse as persoas aspirantes por deficiencias no contido da programación.

As programacións versarán sobre os currículos aprobados polo Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e para a especialidade de Educación Infantil, o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil en Galiza e para Francés o RD 126/2014, do 28 de febreiro (BOE 1 de marzo)

Parte B: Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal.

Poderá estar relacionada coa programación presentada polo aspirante ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade. Nos dous casos elixirase unha de tres escollidas ao chou.

Na elaboración da citada unidade didáctica deberán concretarse os obxectivos de aprendizaxe que perseguen con ela, as competencias, os seus contidos, os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis e as actividades de ensino e aprendizaxe que se van a formular na aula.

O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co

exterior, polo que o material que vaia a utilizar non poderá ser susceptible de dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.)

O persoal aspirante disporá de 1 hora en total como máximo para a defensa da programación (20 minutos máximo), a exposición da unidade didáctica (30 minutos como máximo) e, se é o caso, o debate ante o tribunal (10 minutos).

Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar o material auxiliar que considere oportuno e que deberá aportar el mesmo, sempre que sexa aprobado polo tribunal, así como un guión que non excederá dun folio e que se entregará ao tribunal ao final da mesma.

SEGUNDA PROBA nas especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Proba de aptitude pedagóxica

No caso de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, esta segunda proba terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica do persoal aspirante e o seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio da súa función de asesoramento e orientación educativa. Consistirá na presentación dun plan de apoio para o alumnado con necesidades educativas específicas e na elaboración e exposición oral dun programa de intervención.

Parte A: O plan de apoio para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) deberá conter, como mínimo, seis programas de intervención e basearse na normativa vixente e nas necesidades do alumnado, do centro e do contexto, e recollerá obxectivos, contidos, actividades, estratexias metodolóxicas, recursos materiais, humanos e organizativos, temporalización das accións, avaliación e propostas. Neste plan deberá prestarse especial relevancia á actuación do persoal aspirante como profesor de apoio.

O plan de apoio para o alumnado con NEAE, que terá as mesmas características establecidas para a programación didáctica, deberá entregarse ao tribunal por aqueles que superen a primeira proba, no centro no que están actuando e no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións daqueles que superaron a citada proba.

Parte B: Elaboración diante do tribunal e exposición oral dun programa de intervención relacionado co plan de apoio

para o alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo presentado polo persoal aspirante, ou elaborado a partir do temario oficial da especialidade. No primeiro caso, o persoal aspirante elixirá ao chou un programa de intervención con alumnado con necesidade educativas específicas (alumnado estranxeiro, con sobredotación intelectual ou con necesidades educativas especiais). No segundo caso, o aspirante elixirá o contido do programa de intervención dun tema de entre tres elixidos ao chou por el mesmo, do temario oficial da especialidade.

O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación do programa de intervención e poderá utilizar o material que estime oportuno.

Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar un guión que non excederá dun folio e que entregará ao tribunal unha vez rematada a súa exposición.

O persoal aspirante disporá dun período máximo dunha hora para a defensa do plan de apoio para o alumnado con necesidades educativas específicas, a exposición do programa de intervención e posterior debate diante do tribunal. O persoal aspirante iniciará a súa exposición coa defensa do plan de apoio para o alumnado con necesidades educativas específicas, que non poderá exceder de vinte minutos, e a continuación realizará a exposición do programa de intervención, que non excederá de trinta minutos. A duración do debate, se é o caso, non poderá exceder de dez minutos.

Cualificación da 2ª PROBA: Valorarase globalmente de cero a dez puntos, debendo alcanzar o persoal aspirante, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Os tribunais establecerán a ponderación de cada unha das partes desta proba.

Cualificación da fase de oposición: Será a media aritmética das puntuacións obtidas nas dúas probas que integran a mesma cando ambas fosen superadas.

Acceso á fase de concurso: A cualificación final da fase de oposición expresarase en números de cero a dez, sendo necesario obter, polo menos, cinco puntos para poder acceder á fase de concurso.

Temarios

- **Corpo de profesores de ensino secundario:** Nas especialidades de Lingua castelá e Literatura, Xeografía e Historia, Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Inglés, Orientación Educativa e Tecnoloxía: Anexo III da Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE do 21 de setembro). Nas especialidades de Intervención sociocomunitaria, Organización e xestión comercial, Organización e proxectos de sistemas enerxéticos, Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos, Procesos Sanitarios e Sistemas electrotécnicos e automáticos. Anexo I da Orde do 1 de febreiro de 1996 (BOE do 13 de febreiro de 1996). Na especialidade de Lingua Galega e Literatura: Orde do 1 de marzo de 1995 (DOG do 21 de marzo de 1995).
- **Profesores técnicos de formación profesional:** Anexo II da Orde do 1 de febreiro de 1996 (BOE do 13 de febreiro de 1996)
- **Mestres:** Anexo I da Orde do 9 de setembro de 1993, do Ministerio de Educación (BOE do 21 de setembro),
Para a especialidade de Educación Primaria: Orden ECI/592/2007, do 12 de marzo (BOE do 15 de marzo de 2007)
- **Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas:** Orde de 9 de setembro de 1993. (BOE 21/09/1993)

Dez medidas urxentes para a mellora da calidade no ensino público

Campaña de recuperación de dereitos

- 1** Xornada laboral de 35 horas para todo o profesorado, coa recuperación da xornada lectiva de 18 sesións en secundaria, FP, EOI e ensinanzas de réxime especial e de 21 sesións en Infantil, Primaria e EE., no camiño de acadar os 18 períodos lectivos para todo o profesorado, así como a xornada reducida de xuño e setembro.
- 2** Xestión democrática dos centros, recuperando o poder de decisión nos órganos de goberno.
- 3** Reducións de ratios nas diferentes etapas educativas e regulamentación das materias afíns no camiño da súa eliminación.
- 4** Redución da carga burocrática nos centros educativos, permitindo que o profesorado adique o seu esforzo á práctica docente.
- 5** Ofertas amplas de emprego que, partindo da estabilidade, cubran as necesidades dos centros, eliminando definitivamente as taxas de reposición e o sistema de cupos.
- 6** Limitar a temporalidade do profesorado en expectativa, adxudicando destinos definitivos nun prazo máximo de 2 anos desde a superación do proceso selectivo.
- 7** Plan especial de actuación na atención á diversidade: impulso da titoría, reforzo de profesorado de AL e PT, da Orientación nos centros e da rede de EOE.
- 8** Eliminación das limitacións para impartir docencia en galego e fomento da nosa lingua en todas as etapas educativas, co obxectivo de conseguir que, cando menos, o 50% das materias se impartan en lingua galega.
- 9** Negociación dun acordo retributivo para o profesorado galego que parta da recuperación dos recortes destes últimos anos e dunha cláusula de revisión salarial que garanta unha suba igual ao IPC.
- 10** Eliminación dos descontos salariais por enfermidades comúns, percibindo o 100% desde o primeiro día de baixa.



Asina dixitalmente en www.cig-ensino.gal/pola-recuperacion-dos-nosos-dereitos.html